DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

RESOLUCIÓN POLA QUE SE EMITE O DOCUMENTO DE REFERENCIA NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carral
Órgano promotor: Concello de Carral
Expediente: 2013AAE1645
Código web: 1592/2013

ANTECEDENTES

1. Con data do 08.11.2013, comunícase á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o inicio da tramitación do *Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carral*, acompañando dita comunicación dun documento de inicio.
2. Na actualidade o Concello de Carral réxese polas Normas subsidiarias e complementarias de planeamento municipal (NSP), aprobadas definitivamente o 18.11.1993.
3. O documento de inicio (DI) foi exposto ao público na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, abríndose un prazo de consultas do 13.11.2013 ao 13.12.2013. Ao mesmo tempo consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e outras Administracións públicas.
4. Á vista do que precede, o servizo técnico da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental elabora o presente documento de referencia (DR).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente derivada da transposición á lexislación estatal da Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, ten por obxecto promover un desenvolvemento sustentable, conseguir un elevado nivel de protección do medio e contribuír á integración dos aspectos ambientais na preparación e aprobación de determinados instrumentos de planificación, como son os plans xerais de ordenación municipal, mediante a realización dun proceso de avaliación ambiental estratéxica (AAE).
2. A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, no seu artigo 5.b) sinala que os plans xerais de ordenación municipal serán, en todo caso, obxecto da AAE prevista na Lei 9/2006, do 28 de abril.
3. A Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia integra a AAE no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico. Así, no seu artigo 84.4 recolle a necesidade redactar un anteproxecto de planeamento como documento de inicio que acompañe á comunicación de inicio e no 84.5 sinala que o órgano ambiental comunicará ao órgano promotor a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación do informe de sustentabilidade ambiental mediante un DR que incluirá os criterios ambientais estratéxicos, os indicadores dos obxectivos ambientais e os principios de sustentabilidade aplicables, en coherencia co artigo 9.1 da Lei 9/2006, do 28 de abril. Ademais definirá as modalidades de información e consulta, identificando ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado.
4. O Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, sinala como órgano ambiental responsable da

tramitación dos expedientes sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

Visto canto antecede, **RESOLVO**

1. Aprobar o documento de referencia do *Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carral*, no que se inclúen os comentarios recibidos durante a fase de consultas (anexo I).
2. Dar publicidade a este documento na web de avaliación ambiental estratéxica de plans da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental.
3. Notificar esta Resolución ao Concello de Carral, aos efectos oportunos.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2014

Justo de Benito Basanta

Secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

DOCUMENTO DE REFERENCIA

Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Carral

Índice

1. DESCRICIÓN E VALORACIÓN DA PROPOSTA

1.1. OBXECTIVOS

1.2. ALTERNATIVAS

1.3. PROPOSTA DE PLANEAMENTO

2. CONSIDERACIÓNS PARA A SUSTENTABILIDADE DO PXOM

2.1. PLANS, PROGRAMAS E PROXECTOS RELACIONADOS

2.2. VARIABLES, ASPECTOS CLAVE E CRITERIOS DE SUSTENTABILIDADE

2.3. INDICADORES DOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS

3. ESTRUTURA E CONTIDO DO INFORME DE SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL

4. DEFINICIÓN DAS MODALIDADES DE INFORMACIÓN E CONSULTA E IDENTIFICACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS AFECTADAS E PÚBLICO INTERESADO

4.1. MODALIDADE DE INFORMACIÓN E CONSULTA

4.2. AMPLITUDE DA CONSULTA

4.3. INFORME DE PARTICIPACIÓN E CONSULTAS

ANEXO I: RESULTADO DAS CONSULTAS E DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DO DOCUMENTO DE INICIO

ANEXO II.- ASPECTOS CLAVE E CRITERIOS DE SUSTENTABILIDADE

ANEXO III.- INDICADORES DOS OBXECTIVOS AMBIENTAIS

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

1. Descrición e valoración da proposta

1.1. Obxectivos

No apartado 5 do DI achéganse unha serie de obxectivos xerais, específicos e de carácter ambiental.

Indícase que o PXOM de Carral procura a ordenación integral do termo municipal cos seguintes **obxectivos xerais** para a redacción do planeamento:

- A regulación da actividade construtiva repartida uniformemente por todo o termo municipal, sobre todo nos núcleos rurais mellor comunicados e no solo clasificado como solo urbano, limitado polo estipulado nas NSP, coas limitacións de xestión que estas soportan, creou diferenzas no ordenamento urbanístico municipal, que se acentúan coa aparición dunha serie de construcións que aínda que se poden incluír nun proxecto ordenador global, a día de hoxe carecen de legalidade ou xurdiron á marxe desta.
- A crecente importancia das vías de comunicación que aumentan en grande medida as expectativas de medra da zona, así como a obtención do solo necesario para completar os servizos públicos e sistemas xerais do termo municipal fan necesaria a redacción do PXOM, para adecuar o planeamento ás novas formas de concibir a ordenación de territorio municipal e comarcal, así como permitir a introdución dos mecanismos, instrumentos e técnicas que a lexislación permite para facer unha normativa máis flexible, áxil e equilibrada, á vez que introducir as técnicas previstas na lexislación para reparto de beneficios e cargas derivadas do planeamento, que posibiliten ao Concello manter o seu proceso de desenvolvemento resolvendo á vez a xeración das zonas libres, sistemas xerais e reserva de solo para equipamentos que necesariamente debe acompañar a este proceso.

Considérase que estes obxectivos xerais están mal formulados xa que se limitan a expoñer a situación da ordenación no Concello coas limitacións actuais que motivarían a redacción do PXOM, resultando demasiado extensos e pouco concisos co que se pretende acadar co desenvolvemento do Plan.

A continuación preséntanse de xeito resumido os seguintes **obxectivos específicos**:

- Completar a ordenación do solo urbano de Carral mediante determinacións directas de xestión, ordenación e posterior execución.
- Formulación dun uso equilibrado do medio rural, considerando o respecto ao medio ambiente e á paisaxe como valores de desenvolvemento e potenciando os usos produtivos intrínsecos, prestando especial atención aos equipamentos e industrias de localización, e completando a trama dos núcleos existentes.
- Equilibrio territorial no nivel de equipamentos dotacionais e estándares, utilizando como ámbito de referencia a parroquia.
- Crecemento sostido no tempo, baseado no ocio avanzado, no comercio especializado, nos servizos á poboación e no reforzo das potencialidades industriais, establecendo unha relación axeitada entre o medio natural e o construído.
- Interese pola consecución dunha rede de espazos públicos de calidade.
- Procura dunha escala de pormenor para a continuidade e a integración, como manifestación dunha actitude concreta e realista de cara a resolver problemas correctamente dimensionais en escala e funcionalidade.
- Participación real nos procesos de definición e posterior xestión do PXOM.

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO
COPIA DIXITAL
Diego García Doval

Novamente neste caso, os obxectivos preséntanse pouco concisos, redactados de forma moi ambigua que nalgún caso (como por exemplo no penúltimo obxectivo) dificulta a súa comprensión, polo que, a pesar de que no documento se afirma que o modelo proposto está baseado nestes obxectivos, tras a súa lectura non queda unha idea clara do que se pretende co desenvolvemento do PXOM.

Por último, achéganse nos seguintes apartados obxectivos específicos de cara a lograr o acabado e mellora do medio urbano existente, obxectivos específicos nas áreas para novos desenvolvementos, obxectivos específicos para a ordenación do sistema de núcleos rurais existentes, obxectivos específicos para o solo rústico, obxectivos específicos socio-económicos e obxectivos orientados a resolver problemas estruturais. No caso de mellora do medio urbano e ordenación do sistema de núcleos rurais, presentáronse tamén as actuacións a levar a cabo, o cal non debería corresponder a esta fase de formulación dos obxectivos, na que aínda non se decidiu a proposta de planeamento.

Como conclusión, no informe de sustentabilidade ambiental (ISA) deberán redefinirse os obxectivos de xeito que estes sexan claros, concisos e acordes coa análise da contorna realizada, establecendo a continuación un conxunto de obxectivos ambientais coherentes cos obxectivos xerais e específicos e que teñan en conta os aspectos clave sinalados neste DR.

1.2. Alternativas

Presentáronse no DI as seguintes alternativas:

- Alternativa **"A"**: establece un "modelo central polinuclear" no que se reforzaría a centralidade de Carral mediante estratexias de concentración, saneando o tecido urbano existente mediante a dotación de espazos libres e equipamentos, completando esta estrutura con nodos dinamizadores no extremo norte (Tabeaio), e con desenvolvementos que contribúen ao remate da trama urbana de Carral ou a continuar as actividades empresariais nunha situación de boas comunicacións coa estrada N-550.
- Alternativa **"B"**: establece un modelo de novos desenvolvementos satélites da vila urbana (modelo expansivo) localizados en zonas estratéxicas. Prevé a completación da malla urbana de Carral e a creación de polos alternativos a Carral, vinculando operacións de crecemento da súa malla urbana e de segunda residencia. No desenvolvemento empresarial contempla a regularización das actividades existentes sen xerar solo para novos desenvolvementos industriais.
- Alternativa **"C"**: establece un modelo non xerarquizado no que non se propón ningún núcleo reitor, apostando polo desenvolvemento individual de cada unha das parroquias a partir de pequenas actuacións de desenvolvemento residencial vinculadas aos núcleos existentes e ás boas comunicacións como a estrada DP-1006 ao seu paso por Cañás e Vigo. Para as actividades empresariais deséñase un parque empresarial de incidencia supramunicipal localizado xunto ao enlace da A-6.

No apartado 6.1.3. analízanse as alternativas de forma superficial, sen entrar en valoracións cuantitativas, indicando o seu grao de viabilidade dende un punto de vista de non afección a espazos naturais ou con valores paisaxísticos, así como tamén dende o grao de integración dos obxectivos definidos previamente. Conclúese que polo seu carácter máis apropiado para a estrutura territorial de Carral, a súa sustentabilidade e as tendencias demográficas constatadas a alternativa "A" é a máis apropiada.

Noutro apartado diferente achégase unha análise das alternativas formuladas fronte á alternativa **"0"**, que consistiría en continuar cun planeamento obsoleto, tendo que rexerse polas NSP, o cal, segundo se afirma no documento, acrecentaría os problemas que está a padecer o Concello que poden levar a situacións de despoboamento, falla de alternativas económicas, falla de equipamentos e dotacións, accións urbanizadoras sen directrices claras, situacións de ilegalidade urbanística, etc.

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

Ao respecto deste apartado, indicar que a exposición das alternativas preséntase dun xeito ambiguo, no que en ocasións resulta dificultoso visualizar a proposta de cada unha delas, sendo necesario consultar os correspondentes planos para comprendelas. Cando se mencionan as NSP detectáronse tamén erros nas datas de aprobación. En relación á análise e valoración de alternativas, no ISA deberá facerse con maior grao de detalle, avaliando a integración dos obxectivos do PXOM e a integración dos aspectos clave establecidos neste DR en cada unha delas de forma que quede obxectivamente xustificada a alternativa seleccionada.

1.3. Proposta de planeamento

Non se achegou un apartado específico co detalle da proposta de planeamento, no entanto, no contido do DI pódese extraer a seguinte información que resume as principais liñas de actuación:

- Reforzar o **núcleo urbano de Carral** mediante a dotación de espazos libres e equipamentos, rematando a trama urbana a través do solo urbano non consolidado e urbanizable, e complementar a estrutura central de Carral mellorando o conxunto das dotacións urbanísticas no **solo urbano de Tabeaio**, que actúa como nodo dinamizador no extremo norte do Concello.
- No **polígono industrial dos Capelos**, dentro do cal se contemplaba unha zona residencial que finalmente non se desenvolverá, o PXOM deberá dar encaixe legal á modificación de uso (de residencial a industrial). Ademais, proponse a ampliación de dito parque cara a outra beira da estrada N-550, mediante a clasificación dun **solo urbanizable delimitado de uso industrial**.
- Proponse a regularización de **ámbitos xurdidos á marxe do planeamento** atendendo á disposición transitoria 13ª da LOUG, clasificando como urbanizables os seguintes ámbitos:
    - Conxunto de edificacións xurdidas no **Monte Xalo** (entre os concellos de Cerceda e Carral) a partir dun proceso de urbanización inacabado e con diferente tratamento urbanístico a ambos lados do límite municipal.
    - Ámbito ao noroeste do solo urbano de Carral.
    - Ámbito ao sur do Concello en As Travesas, a ambos lados da estrada AC-542, xunto a subestación eléctrica. A zona contén varias naves industriais, unha gasolineira e un almacén para distribución de gasóleo.
- O resto da ordenación municipal baséase no equilibrio territorial do Concello mediante a utilización da estrutura parroquial para a presenza de dotacións e equipamentos e a fixación de residencia nos núcleos rurais tradicionais.

Indicar en primeiro lugar que, tal e como se indicou previamente, debería concretarse nun apartado específico do DI a proposta de planeamento de forma que a súa análise puidese realizarse de forma máis directa. Neste apartado deberíase describir o desenvolvemento do PXOM, indicando os novos desenvolvementos previstos para os diferentes usos (industriais, residenciais, terciarios...) achegando, na medida do posible, a superficie aproximada destinada a cada un deles.

En segundo lugar, en relación á proposta, e sen menoscabo das consideracións que se realizarán no apartado 2, cómpre destacar que se debería reconsiderar a superficie delimitada para o solo urbanizable industrial, tendo en conta que o polígono industrial dos Capelos está parcialmente baleiro e o actual Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSAEG) non contempla nin este polígono industrial nin tampouco novos desenvolvementos empresariais neste Concello. No entanto dito PSAEG contempla na contorna de Carral, no Concello de Cerceda, a área empresarial da entulleira exterior de Limeisa, en fase de estudo, o polígono industrial no Lago de Meirama e o parque empresarial de Encrobas, tamén en fase de estudo, anexo ao parque empresarial de Cerceda, en tramitación.

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

2. Consideracións para a sustentabilidade do PXOM

2.1. Plans, programas e proxectos relacionados

Analizarase o marco normativo no que se encadra o planeamento e integrarase a normativa de ámbito internacional, nacional, autonómico e local relativa á protección do ambiente. Ademais, deberase xustificar a compatibilidade ambiental do PXOM coa planificación concorrente cuxo ámbito de aplicación sexa coincidente. Neste sentido, para poder avaliar dita compatibilidade, realizarase unha análise segundo a metodoloxía de análise da compatibilidade estratéxica (ACE), tal e como se sinala no apartado 3.8 deste DR.

Destácanse os seguintes instrumentos de planificación territorial, sen prexuízo doutra normativa de aplicación que pode incidir no planeamento do Concello:

- Instrumentos aprobados:
  - Directrices de ordenación do territorio (DOT)
  - Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020 (actualmente atópase en tramitación a súa modificación)
  - Plan de xestión de residuos industriais e solos contaminados de Galicia
  - Plan sectorial eólico de Galicia
  - Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa
  - Avaliación preliminar do risco de inundación e identificación das Areas con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) da Demarcación Hidrográfica de Galicia–Costa
  - Plan de saneamento de Galicia 2000-2015
  - Plan de abastecemento de Galicia (Plan Auga 2010-2025)
  - Plan de desenvolvemento rural de Galicia 2007-2013
  - Plan de Xestión da Reserva da Biosfera “Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo 2013-2017
- Instrumentos en elaboración:
  - Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (PSOAEG)
  - Plan director de estradas de Galicia 2009-2020-Plan MOVE
  - Plan Director da Rede Natura 2000
  - Proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia
  - Plan director de mobilidade alternativa de Galicia
  - Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L.subsp. lusitanica Steinbacher*) en Galicia
- Planeamento dos concellos limítrofes:
  - Culleredo: PXOU 29.07.1987
  - Cambre: NSP 20.07.1994
  - Abegondo: PXOM 14.09.2012
  - Ordes: NSP 28.11.1996

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

- Cerceda: NSP 26.06.1996

- Proxectos con incidencia ambiental que afectan ao ámbito:
  - Concesións de explotacións mineiras "O Castelo"
  - Liñas eléctricas como a L.A.T. "Mesón do Vento- Vimianzo"
  - Centrais hidroeléctricas como o aproveitamento no río Barcés
  - Gasodutos
  - Rede de abastecemento da área metropolitana da Coruña a partires do lago artificial de Meirama

2.2. Variables, aspectos clave e criterios de sustentabilidade

De acordo co proceso de avaliación ambiental estratéxica, o planeamento deberá incorporar uns obxectivos ambientais tomando como referencia os **obxectivos** e **criterios de sustentabilidade** que se relacionan no anexo II deste documento de referencia, de cara a contribuír *"ao desenvolvemento económico equilibrado e sustentable do territorio, á cohesión social e á mellora da calidade de vida da poboación e á utilización racional do territorio e á sustentabilidade ambiental"*, en coherencia co modelo territorial que establecen as Directrices de ordenación do territorio.

Estes criterios organízanse por **aspectos clave**, que ao mesmo tempo se agrupan por **variables** de sustentabilidade, entendendo estas como aqueles elementos territoriais (paisaxe, patrimonio natural, patrimonio cultural, territorio, sociedade e economía) e aspectos ambientais (mobilidade, enerxía, atmosfera e cambio climático, ciclo hídrico e ciclo de materiais) sobre os que o Plan vai incidir ou polos que se vai ver afectado. Os aspectos clave deberán constituír a base para a análise de alternativas e a avaliación dos efectos, e sobre eles xustificarase a coherencia externa do Plan.

Con isto, no informe de sustentabilidade ambiental terá que xustificarse a adopción destes criterios en todo o proceso de elaboración do Plan, dende o diagnóstico que se faga do territorio ata a formulación de obxectivos e a análise de alternativas, verificando o cumprimento destes na proposta final, tal e como se indica no apartado 3.8.a) deste DR.

Se ben o Plan deberá ter en conta todos os criterios do anexo II, a continuación realízanse unha serie de consideracións sobre as variables de sustentabilidade para facilitar a súa integración, tomando como referencia o documento de inicio achegado polo órgano promotor.

- **PAISAXE**

No DI afírmase que a paisaxe está protexida coa inclusión de determinadas áreas na categoría de solo rústico de especial protección paisaxística, pero non se definiron estas áreas no DI, achegando unicamente na cartografía un plano de intervisibilidade (I-12) no que se designan cuncas visuais e fitos paisaxísticos (un deles na zona do desenvolvemento do Monte Xalo), sen detallar como se levou a cabo dita clasificación. Polo tanto no ISA deberanse identificar e caracterizar as cuncas paisaxísticas e as unidades de paisaxe do ámbito, valorando a súa calidade, fraxilidade e capacidade de absorción visual e aportando a documentación cartográfica necesaria para a valoración conxunta da paisaxe do Concello. Considerarase tamén que os desenvolvementos propostos poden alterar de forma significativa a calidade da paisaxe na contorna, dada a súa superficie e localización, en cotas altas ou en zonas con elevada pendente, polo que se deberá realizar un estudo de impacto e integración paisaxística que minimice o efecto negativo da actuación e contribúa á conservación dos principais valores da paisaxe da zona.

Lembrar, por último, que o Concello de Carral está incluído nas comarcas paisaxísticas de "golfo ártabro interior" na metade norte e "terra de Ordes" na súa metade sur, correspondentes ás grandes

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

áreas paisaxísticas de "golfo ártabro" e "Galicia central" respectivamente, para as que o Instituto de Estudos do Territorio elaborará os correspondentes Catálogos e Directrices da Paisaxe, que deberán ser tidos en conta xa que constitúen os instrumentos para a súa protección, ordenación e xestión, articulados pola "Estratexia Galega da Paisaxe" de recente elaboración.

- **PATRIMONIO NATURAL**

En diferentes puntos do DI menciónanse os principais espazos con valores do Concello, como o LIC-ZEPVN "encoro de Abegondo- Cecebre", os hábitats prioritarios recollidos no Atlas de hábitats do Ministerio de Medio Ambiente ou os humidais, propoñendo a súa clasificación como solo rústico de especial protección de espazos naturais. No entanto, non se describen ditos hábitats prioritarios, e no caso dos humidais tan só se fai mención á "Cova de Foucellas", de reducida superficie, cando destaca ao norte a presenza do humidal "Salgueirais de Cecebre". O plano denominado "espazos naturais" tan só inclúe o LIC-ZEPVN Encoro de Abegondo- Cecebre e a área correspondente ao humidal "Salgueirais de Cecebre", non incluíndo o outro humidal así como tampouco os hábitats prioritarios, carecendo de coherencia co exposto no DI.

Merece especial mención a recente aprobación pola UNESCO da Reserva da Biosfera "Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo", que comprende entre outros concellos ao Concello de Carral, definindo dentro da superficie municipal zonas de transición, zonas tampón (asociadas aos ríos Barcés e Brexa principalmente) e unha zona núcleo no Encoro de Abegondo. Ao respecto, o PXOM deberá analizar o Plan de Xestión "Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo 2013-2017" xa que se establecen liñas de actuación para o cumprimento dos obxectivos das Reservas da Biosfera que deberán trasladarse ao presente PXOM e integrarse na medida do posible.

Os aspectos relacionados coa flora e fauna presente no Concello e os posibles efectos sobre ela menciónanse de forma moi superficial (presentándose con maior detalle no estudo do medio rural que se xunta) e vincúlase aos espazos naturais como o Encoro de Abegondo- Cecebre. Deberá completarse este apartado coa información dispoñible e actualizada, xa que segundo os datos achegados pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza hai presenza potencial de especies incluídas no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (regulado polo Decreto 88/2007, do 19 de abril, modificado polo Decreto 167/2011 do 4 de agosto), destacando á escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), en perigo de extinción, que conta cun Plan de recuperación aprobado recentemente polo Decreto 75/2013, do 10 de maio.

Detectouse, por último, que o extremo máis ao nordeste do Concello, coincidindo co LIC- ZEPVN Encoro de Abegondo- Cecebre, está incluído dentro das zonas de protección para a avifauna do ámbito galego ás que lle serán de aplicación as medidas de protección contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión establecidas pola Resolución do 28 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

Como conclusión, deberase estudar a afección directa ou indirecta do PXOM sobre os espazos naturais incluídos na Rede Natura 2000, de conformidade co artigo 45.4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade, tendo en conta tamén as figuras de protección recollidas na Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, así como calquera outra lexislación reguladora de espazos naturais, flora e fauna.

- **PATRIMONIO CULTURAL**

Descríbense no DI os elementos do Concello incluídos no inventario patrimonio histórico - artístico das Normas complementarias e subsidiarias de planeamento provincial, destacando tamén a presenza daqueles elementos declarados "bens de interese cultural" (BIC) polo Ministerio de Cultura. Ao respecto desta información, destacar que se deberá incluír o paso do Camiño de Santiago Inglés

polo Concello, que deberá considerarse, ao igual que os elementos mencionados no DI, á hora da elaboración do Catálogo de patrimonio cultural do PXOM.

- **OCUPACIÓN DO TERRITORIO**

No que respecta a esta variable, considérase que o DI non contén toda a información necesaria para unha completa análise e planificación do territorio, obviando aspectos de importancia mencionados noutros apartados, que poden condicionar a proposta de ordenación, como por exemplo a presenza dunha ARPSI, o paso do Camiño de Santiago Inglés, zonas de protección para a avifauna, presenza potencial de especies ameazadas, etc. Ao respecto da posible presenza da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), lembrar que a metade da superficie municipal está incluída na área potencial de distribución de dita especie, delimitada segundo o Decreto 75/2013, do 10 de maio, que define como áreas potenciais "todos aqueles humidais costeiros que poderían ser empregados pola subespecie como áreas de descanso durante movementos dispersivos ou entre as áreas de distribución actual, ou ben en épocas diferentes ás de cría, en especial durante o inverno". A delimitación da zona inclúe todos os humidais de Galicia con vexetación palustre de grande porte presentes entre a liña de costa e 15 km cara ao interior e se representa graficamente no anexo II. Ao respecto, serán de aplicación as normas xerais descritas no artigo 9, debendo avaliar os efectos potenciais do PXOM sobre o hábitat de dita especie e sobre a posible recuperación da súa poboación.

No caso dos espazos naturais, hábitats, humidais, e outras áreas con valores, atendendo á determinación 7.2.3 das DOT, realizarase un estudo da conectividade do territorio no que se realice unha análise específica de carácter supramunicipal da conectividade dos ecosistemas e biótopos, tendo en conta os valores produtivos do territorio e a compoñente paisaxística.

Outro aspecto a ter en conta en relación a esta variable e que non se menciona no DI é que a superficie municipal está afectada polas servidumes aeronáuticas establecidas polo Ministerio de Fomento para asegurar que as operacións dos aeroportos (neste caso o aeroporto de Alvedro, A Coruña) se executen en adecuadas condicións de seguridade, polo que deberán integrarse na documentación do PXOM as limitacións correspondentes no que respecta ás construcións, instalacións, etc.

En relación á ordenación do territorio que se achega coa proposta, deberá concretarse máis polo miúdo, especialmente para os desenvolvementos, xa que non se establecen as actuacións que se pretenden levar a cabo nos solos urbanizables a pesar de que, no caso do industrial e do correspondente á urbanización de Monte Castelo no Monte Xalo, presentan superficies moi elevadas, non estando a priori xustificada a súa execución considerando as características do Concello de Carral.

Bótase en falta no DI unha análise dos riscos presentes no territorio, que considere o risco hidrolóxico, xeotécnico, o risco de incendio, os riscos tecnolóxicos, etc. Unicamente se incluíu un plano que localiza a ARPSI existente no Concello (á que non se fai mención no documento), polo que deberá achegarse un plano no que se plasmen os riscos identificados e/ou os aspectos asociados aos mesmos, atendendo ao artigo 15.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo.

- **SOCIEDADE**

Preséntase no DI un breve apartado que resume as principais características demográficas do Concello de Carral con datos actualizados (anos 2011 e 2012), indicando que presenta unha tendencia ao estancamento, con taxas de natalidade moi baixas e de mortalidade elevadas e unha idade media de 44,5 anos, que pode considerarse elevada. Ao respecto, indicar que a proposta non se axustaría a esta realidade se temos en conta a superficie e número de vivendas asociadas á

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO
COPIA DIXITAL
Diego García Doval

urbanización Monte Castelo no Monte Xalo, non cumprindo o establecido polas DOT na súa determinación 3.1.4 "os instrumentos de planeamento urbanístico que prevexan o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal...".

- **ECONOMÍA**

A análise socioeconómica realizouse de forma moi xeral e presenta nalgúns casos datos moi pouco actualizados (do ano 2001), polo que tendo en conta a situación económica existente nos últimos anos, considérase que a base de dita análise non se corresponde coa realidade actual, sendo necesaria a súa actualización. O PXOM deberá incluír unha análise completa coa caracterización e diagnóstico das principais actividades económicas do municipio, en coherencia co establecido na determinación 3.1.5.h) das DOT.

En relación ás actividades reguladas pola Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, que contan coa correspondente Autorización ambiental integrada (AAI), identificouse a seguinte en Carral:

ACTIVIDADES AUTORIZADAS		
CLAVE	**NOME EXPEDIENTE**	**TITULAR**
2007/0005	Granxa destinada á produción de leitóns de ata 20 kg en As Travesas- Beira	Manuel Vidal Naya e Hijos, C.B.

- **MOBILIDADE**

No DI indícase que o desenvolvemento do PXOM non producirá un incremento significativo de vehículos, no entanto considerando a superficie proposta para completar o presente polígono industrial Os Capelos así como a súa ampliación, deberá valorarse o incremento potencial sobre o tránsito de vehículos (tanto do tráfico pesado como dos turismos) asociado á principal vía do Concello, a N-550. Recoméndase realizar unha análise na que se identifiquen as necesidades de mobilidade no Concello e se aporten medidas que procuren unha redución na demanda de transporte e favorezan a intermodalidade e o transporte colectivo en cumprimento da determinación 3.1.5.b) das DOT.

- **ENERXÍA**

Non se fai mención no DI ao sistema enerxético municipal, así como tampouco ás necesidades enerxéticas presentes ou potenciais consecuencia do desenvolvemento do PXOM, mencionando unicamente que todos os elementos de distribución de enerxía e os seus trazados clasificaranse como solo rústico de especial protección de infraestruturas. A información, polo tanto, resulta incompleta e non permite valorar efectos potenciais sobre esta variable, polo que no ISA deberán incluírse e detallarse aspectos como a presenza da subestación eléctrica das Travesas, da central hidroeléctrica do Barcés, de explotacións mineiras como "O Castelo" ou doutros proxectos relacionados coas enerxías renovables como parques eólicos incluídos no Plan sectorial eólico de Galicia. Unha vez que se recompile toda esta información de partida, deberían avaliarse os efectos potenciais sobre esta variable como consecuencia do desenvolvemento do PXOM e da execución das novas actuacións, atendendo ao establecido nas determinacións 4.7.2 e 4.7.4 das DOT en relación a que "os instrumentos de planeamento urbanístico deberán prever e cuantificar o aumento da demanda de enerxía en todos os sectores e deberán ter en conta as posibilidades de conexión coas redes de transporte e distribución de enerxía" e que "nos novos desenvolvementos urbanísticos os tendidos e redes de instalacións enerxéticas serán subterráneos".

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO
COPIA DIXITAL
Diego García Doval

- **ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO**

Non se inclúen no DI aspectos relacionados coa atmosfera e co cambio climático, indicando unicamente no apartado dos efectos potenciais que en relación á calidade do aire "o incremento de solo residencial non é significativo e a execución dos ámbitos industriais e as posibles industrias que se implanten serán de escasa entidade, o que non suporá contaminación sempre que se cumpra estritamente a normativa ambiental para cada actividade". Así, o DI carece de información adecuada para avaliar posibles efectos sobre o medio, polo que no ISA deberán estar identificados todos os focos emisores de calquera tipo de contaminación (luminosa, acústica, electromagnética, etc.) para que se poidan establecer medidas que procuren a minimización dos posibles efectos negativos que poidan ter sobre a poboación.

No que respecta ás emisións acústicas, o planeamento deberá incluír a delimitación correspondente á zonificación acústica da superficie municipal, e considerando que o solo urbanizable industrial está localizado xunto ao núcleo rural da Azoreira, realizarase un estudo acústico no que se xustificará o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica aplicables ás áreas acústicas definidas, conforme ao artigo 13 do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas. Dito estudo analizará as zonas de contacto deste núcleo coa futura zona industrial establecendo como medidas de prevención a creación de zonas de transición cunha superficie suficiente que xustifique o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica e os obxectivos aplicables ao espazo interior habitable das edificacións existentes nestes núcleos, segundo o establecido neste Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro.

- **CICLO HÍDRICO**

Descríbese no estudo físico do Concello a rede hidrográfica fundamental, así como a presenza de fervenzas, mencionando noutros apartados a existencia de humidais e do encoro de Abegondo-Cecebre. No que respecta ás áreas con risco potencial significativo de inundación (ARPSI), non se mencionaron no DI aínda que se xunta un plano coa súa identificación e delimitación, que discorre polo núcleo urbano de Carral segundo estableceu a Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa na "Avaliación preliminar do risco de inundación e identificación das Areas con risco potencial significativo de inundación". No apartado de dotacións e infraestruturas indicouse o sistema de abastecemento de auga que cubre as necesidades do 80% dos núcleos de poboación, e o sistema de saneamento, que por razóns de topografía non abrangue a totalidade das parroquias, solucionando este servizo puntualmente nas zonas de maior densidade de poboación e contando cun proxecto de construción dunha EDAR dimensionada para 4.000 e.h.

Ao respecto do anteriormente exposto, deberán avaliarse as afeccións do PXOM sobre o dominio público hidráulico e as súas zonas de protección incluíndo as zonas con potencial risco de asolagamento, definindo para estas últimas as avenidas para os períodos de retorno de 100 e 500 anos e, para o dominio público hidráulico, a máxima crecida ordinaria. Por outra banda valorarase a suficiencia das redes tanto de abastecemento como de saneamento para dar resposta aos novos desenvolvementos, facendo unha previsión para a execución das novas instalacións en cumprimento da determinación 4.8.9 das DOT que establece que "non se poderán executar novos desenvolvementos residenciais, industriais ou comerciais, dotacionais ou explotacións agroforestais ou mineiras se non está previamente garantido o abastecemento de auga e o saneamento de augas residuais e a xestión das augas pluviais conforme a criterios de sustentabilidade e á planificación hidrolóxica".

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

- **CICLO DE MATERIAIS**

O planeamento deberá prever a dotación de espazos axeitados para o tratamento e xestión dos residuos, regular as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo de materiais, etc. Tal e como se establece no artigo 21.3 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, "os instrumentos do plan urbanístico deberán adaptarse ás determinacións dos plans da Xunta en materia de residuos nos prazos que determinen estes plans e, en todo caso, na primeira modificación ou revisión do plan urbanístico". No informe emitido pola Subdirección xeral de residuos e solos contaminados que se inclúe neste DR (anexo I) detállase a documentación que deberá ser aportada na documentación que conforma o Plan, ademais de informar sobre os solos contaminados e a normativa de referencia.

2.3. Indicadores dos obxectivos ambientais

Para coñecer en que medida o Plan formulado integra os obxectivos e criterios de sustentabilidade do anexo II, relaciónanse unha serie de indicadores, no anexo III, cos que se xustificará o cumprimento dos obxectivos ambientais, o que permite ademais comparar a realidade antes do Plan coa situación planificada.

Ademais destes, que se poden considerar **indicadores de planeamento**, o órgano promotor terá que aportar un conxunto de **indicadores de seguimento**, que permitan avaliar a sustentabilidade do Plan no tempo a través do desenvolvemento das actuacións propostas. Estes indicadores deberán estar relacionados cos indicadores de planeamento propostos, terán que ser claros e facilmente medibles e contar cun valor obxectivo, ou de referencia, que permita avaliar o cumprimento dos obxectivos e alertar da necesidade de aplicar as medidas correctoras propostas.

3. Estrutura e contido do informe de sustentabilidade ambiental

De acordo ao sinalado na Lei 9/2006, do 28 de abril, o ISA constitúe *"o instrumento a través do cal se identificarán, describirán e avaliarán os probables efectos significativos sobre o ambiente que podan derivarse da aplicación do Plan, así como as alternativas razoables, incluída entra outras a alternativa cero que podería supoñer a non realización do Plan".*

Polo tanto, o ISA debe ser un documento individualizado do Plan (asinado polos seus autores indicando a súa titulación) que conteña a información necesaria para dar a coñecer a incidencia do planeamento sobre o territorio. Este non pode ser unha mera xustificación do Plan, senón que debe constituír o instrumento de integración da sustentabilidade no planeamento, e como tal, a avaliación ambiental debe formar parte de todo o proceso de toma de decisións que implica a súa elaboración.

Ademais, aínda que a súa información pode corresponderse con datos analizados máis en detalle noutras partes do Plan, o seu tratamento debe estar enfocado á xustificación da integración da sustentabilidade nas actuacións previstas, de xeito que a lectura única deste documento ofreza unha idea xeral da proposta e da súa incidencia no medio, cumprindo a súa vez coa condición de ser accesible e intelixible para o público e as Administracións públicas.

Así, a partires da análise previa dos condicionantes do ámbito, definiranse os obxectivos ambientais e farase unha valoración das alternativas consideradas para acadalos, identificaranse os efectos sobre as variables de sustentabilidade derivadas da alternativa elixida e deseñaranse medidas preventivas e correctoras segundo a súa incidencia. Ademais proporase un plan de seguimento que permita verificar o cumprimento dos obxectivos do Plan, coñecer a súa evolución e alertar da necesidade de aplicar as medidas correctoras propostas ou de establecer outras novas.

De acordo co recollido no artigo 8 da Lei 9/2006, do 28 de abril e no seu anexo I, a continuación defínese a estrutura do ISA e os principais aspectos que deberá integrar este documento.

1. Análise do ámbito de influencia do Plan

Identificarase o ámbito de influencia do planeamento, tendo en conta que o seu alcance pode variar en función do elemento analizado, en coherencia cos aspectos clave deste DR. Para a súa análise consideraranse as seguintes cuestións:

a) Descrición dos aspectos máis relevantes configuradores da situación actual, en coherencia coa documentación informativa do Plan. Neste punto, identificaranse os problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais, así como os elementos estratéxicos do territorio que van condicionar e que se van ver afectados pola planificación.

b) Relación dos plans, programas e proxectos que poidan afectar ao planeamento, indicando a xerarquía e incidencia das principais determinacións e/ou fundamentos destes instrumentos.

2. Definición de obxectivos ambientais

Estableceranse un conxunto de obxectivos ambientais coherentes cos obxectivos xerais e específicos que persegue o Plan, para o que se terán en conta os obxectivos de protección ambiental fixados na normativa de ámbito internacional, nacional e autonómico relacionada. A consideración destes obxectivos na elaboración do Plan terá que quedar debidamente xustificada no apartado de *Análise da coherencia*, que se describe posteriormente.

Ademais, os obxectivos adoptados polo Plan deberán ser congruentes coas condicións territoriais e ambientais específicas do ámbito de planeamento analizadas no estudo do territorio e para o que haberá que ter en conta os aspectos clave sinalados neste DR.

3. Análise das alternativas e xustificación da proposta seleccionada

Á vista de que as alternativas constitúen o abano de posibilidades coas que acadar, co menor custe e o maior beneficio para o ambiente, os obxectivos do planeamento, a análise destas alternativas deberá conter o seguinte:

a) Proposta de alternativas. Formularanse como mínimo dúas alternativas ademais da alternativa cero ou de non actuación, tendo que ser estas razoables e técnica e ambientalmente viables e estar definidas coa precisión necesaria para permitir a súa valoración.

   Así, para a súa definición, terase en conta que as alternativas poden responder a cuestións de estratexia (para dar resposta ás necesidades detectadas), de localización (atendendo a posibles emprazamentos para o desenvolvemento de novo solo ou novas dotacións e equipamentos, etc.) e/ou de ordenación (en canto ás características do desenvolvemento, relativas á tipoloxía de construción, forma, superficie, etc.).

b) Valoración das alternativas propostas. As alternativas formuladas serán valoradas en base ao cumprimento dos obxectivos do Plan e á integración dos aspectos clave establecidos no DR; para elo, haberá que xustificarase previamente a metodoloxía empregada.

c) Xustificación da alternativa seleccionada. Explicarase razoadamente a selección da alternativa proposta, de acordo coa avaliación realizada e xustificarase a súa conveniencia e adecuación aos obxectivos perseguidos polo Plan.

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

4. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

A correcta identificación e caracterización dos efectos derivados do desenvolvemento da alternativa seleccionada vai contribuír á mellor integración dos obxectivos e criterios de sustentabilidade definidos neste DR. Polo tanto, haberá que:

a) Describir as actuacións propostas polo Plan e as posibles intervencións que poden ter repercusións significativas no ambiente (clasificación e cualificación do solo, sistemas xerais, planeamento derivado, ordenación dos usos e da edificación, etc.), facendo especial fincapé nos desenvolvementos previstos.

b) Identificar e valorar os posibles efectos ambientais (secundarios, acumulativos, sinérxicos, a corto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos, etc.) sobre os aspectos clave derivados destas actuacións. Ademais, xustificarase a metodoloxía empregada sinalando, de ser o caso, as dificultades atopadas.

5. Medidas previstas

Relacionadas coas actuacións propostas polo Plan e os efectos identificados sobre as variables de sustentabilidade derivados destas, describiranse as medidas dirixidas a previr, reducir e contrarrestar ou corrixir, na medida do posible, estes efectos.

Xustificarase que coa aplicación das medidas definidas se contribúe á integración dos criterios de sustentabilidade, sinalando aquelas que deberán aparecer nos plans e proxectos que posteriormente vaian a desenvolverse, debendo quedar recollidas na propia normativa do Plan.

6. Plan de seguimento

Definirase un plan de seguimento que permita coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre elas e, por outra, verificar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos.

Para elo, establecerase unha batería de indicadores, que seguirán a liña dos indicadores de planeamento que se recollen no anexo III deste DR, de xeito que se poda analizar a evolución no tempo coa situación de partida e a planificada. Para cada indicador incluirase, na medida do posible, un valor obxectivo, ou de referencia, que permita determinar a necesidade de aplicar as medidas propostas para corrixir os efectos negativos producidos, identificar con prontitude outros efectos adversos non previstos ou reconducir o Plan no caso de que non se estivera a producir unha consecución dos seus obxectivos, podendo levar á súa modificación ou revisión.

Ademais, o plan de seguimento deberá marcar os prazos, formas e recursos para a recompilación, tratamento e análise da información, considerando neste proceso a participación do órgano ambiental coa remisión de informes a este de forma cuadrienal ou trienal, segundo estea establecido na programación temporal do Plan.

7. Informe sobre a viabilidade económica

Xustificarase a viabilidade económica das alternativas propostas (o que pode ser a xustificación da elección dunha alternativa fronte a outras), das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos así como os custes do plan de seguimento.

8. Análise da coherencia

Analizarase a coherencia interna e externa, tal e como se sinala a continuación:

a) <u>Coherencia interna e integración dos criterios ambientais</u>. Analizarase en que medida o Plan define uns obxectivos de carácter ambiental coherentes, por unha banda, co diagnostico realizado e por outra, coa alternativa proposta. Xustificando ademais como foron integrados

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval
COPIA DIXITAL

os criterios ambientais establecidos no DR en todo o proceso de planificación (diagnóstico, definición dos obxectivos ambientais, análise de alternativas, avaliación dos efectos, proposta de medidas e plan de seguimento).

b) Coherencia externa. Avaliarase o grao de compatibilidade entre o Plan e os instrumentos de rango superior, no que as DOT, constitúen o marco de referencia. Realizarase a través da metodoloxía de Análise da compatibilidade estratéxica (ACE) proposta na determinación 10.1.18 das DOT, incluíndo os seguintes apartados:

- Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade: xustificarase como foron considerados os efectos do Plan sobre os aspectos clave que definen as DOT.
- Proceso de decisión: analizarase a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se deseña o planeamento. Considerarase a coherencia en fervenza, analizando a relación do Plan cos obxectivos das DOT, así como a coherencia transversal cos obxectivos da planificación sectorial, para o que se terán en conta os plans identificados, de acordo co sinalado no apartado 2.1 deste documento.
- Relación cos elementos territoriais estratéxicos: avaliarase a relación do Plan cos elementos estratéxicos do ámbito, tomando como referencia os identificados no apartado de *Análise obxectiva da contorna* das DOT.

Como exemplo de ACE pódese consultar a realizada no apartado 10 do ISA do Plan de Ordenación do Litoral.

9. Resumo non técnico

Incluirase un resumo, en termos facilmente comprensibles, da información facilitada nos apartados previos.

10. Cartografía

No Plan deberán estar incluídos todos os planos necesarios para a correcta descrición ambiental do ámbito, en coherencia coa análise realizada no ISA e evitando a duplicidade nos planos de información. Así, ademais da cartografía esixida pola normativa urbanística, incluirase a das alternativas formuladas (considerando a alternativa cero), a das características naturais do territorio e dos valores ambientais (considerando os espazos naturais protexidos, os elementos naturais ou xeolóxicos de interese, os hábitats de interese comunitario, os refuxios ou enclaves de fauna ameazada a protexer, etc.), a das unidades de paisaxe e das cuncas visuais de interese, a da zonificación acústica do territorio, etc.

Sen prexuízo do anterior, o ISA terá que incluír os seguintes planos:

- Plano de riscos naturais, preceptivo segundo o artigo 15.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo, incluíndo tamén os riscos tecnolóxicos.
- Plano do modelo de ordenación proposto superposto cos valores ambientais e potencialidades do territorio, incluíndo os posibles condicionantes.

Respecto da información xeográfica, procurarase seguir ás instrucións técnicas dispoñibles no apartado de información xeográfica da páxina web http://www.cmati.xunta.es/tema/c/Avaliacion_ambiental da avaliación ambiental estratéxica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

4. Definición das modalidades de información e consulta e identificación das Administracións públicas afectadas e público interesado

4.1. Modalidade de información e consulta

A fase de consultas sobre o Plan, incluído o ISA, será realizada polo órgano promotor a través da **posta a disposición do público a documentación completa do Plan** durante un prazo de **2 meses** para o seu exame e formulación de observacións. Daráselle publicidade mediante anuncio da información pública no Diario oficial de Galicia (DOG) e en dous dos xornais de maior difusión na provincia, de acordo coa lexislación reguladora do procedemento para a aprobación do planeamento.

Simultaneamente á información pública, o órgano promotor deberá **consultar** como mínimo, **ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado** recollidos no presente DR, ademais de solicitar os informes sectoriais correspondentes derivados da lexislación sectorial aplicable.

4.2. Amplitude da consulta

4.2.1. Administracións públicas

1. Administración Xeral do Estado:
   - Ministerio de Fomento, respecto das servidumes aeronáuticas relacionadas coa seguridade dos movementos das aeronaves do Aeroporto de Alvedro (A Coruña).
   - Calquera outro Ministerio cando o planeamento afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.
2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:
   - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:
     - Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, concretamente á Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, en relación á calidade do ISA (enviarase a documentación completa do Plan en formato dixital).
     - Organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio, respecto á ordenación, protección e xestión da paisaxe.
     - Dirección Xeral de Mobilidade, en canto ás iniciativas de transporte sostible existentes de programas e dos plans de mobilidade en curso.
     - Dirección Xeral de Conservación da Natureza, acerca dos espazos naturais protexidos, dos hábitats, flora e fauna de interese; así como dos recursos cinexéticos e piscícolas.
     - Ente público Augas de Galicia, no tocante á protección dos recursos hídricos e á súa dispoñibilidade para os usos previstos polo planeamento, á viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas e as zonas identificadas con risco de inundación.
   - Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
     - Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, acerca da conservación e protección do patrimonio cultural.

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO COPIA DIXITAL Diego García Doval

- Consellería de Sanidade:
  - Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, respecto aos posibles riscos sobre a saúde da poboación.
- Consellería do Medio Rural e do Mar:
  - Secretaría Xeral do Medio Rural e Montes, acerca dos montes veciñais en man común e dos montes públicos; dos instrumentos de xestión de montes existentes; do risco de perigo de incendio forestal e das zonas de concentración parcelaria.
- Consellería de Economía e Industria:
  - Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, acerca das redes de distribución e infraestruturas de enerxía previstas e/ou existentes, así como dos dereitos mineiros solicitados ou outorgados.
- Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.

3. Administración Local:
   - Deputación provincial da Coruña.
   - Concellos limítrofes: Culleredo, Cambre, Abegondo, Ordes e Cerceda, ademais de todos aqueles que se atopen na súa área de influencia.

4.2.2. Público interesado

De acordo co disposto no artigo 10.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril, considérase público interesado toda persoa física ou xurídica na que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 31 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común así como as persoas xurídicas sen ánimo de lucro que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10.2 b) da Lei 9/2006, do 28 de abril.

Entre outros, consideraranse:

- Federación Ecoloxista Galega.
- Asociación ecoloxista Amigos da Terra.
- Federación Galega de Medioambiente.
- Fundación Galicia Sustentable.
- Asociación correspondente ao grupo de desenvolvemento rural GDR-29 “Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas- Betanzos”.

4.3. Informe de participación e consultas

O órgano promotor elaborará un **documento único** no que se describa o procedemento seguido durante o período de información pública e consultas e un resumo de cada unha das observacións, alegacións e informes recibidos, ademais da xustificación de como se tomaron en consideración e se integraron no Plan.

Con carácter previo á aprobación definitiva do Plan, o órgano promotor remitirá ao órgano ambiental a documentación completa do Plan (integrando as modificacións resultantes da fase de consultas), a

proposta de Memoria ambiental e o citado informe de participación e consultas, que irá acompañado da seguinte documentación:

- Certificación coas datas do período de información pública, número do DOG no que foi publicado e relación dos diarios seleccionados para a súa difusión (incluídas as datas de publicación).
- Relación das solicitudes de informes sectoriais e das consultas establecidas neste DR (Administracións públicas e público interesado) incluíndo as datas de solicitude, obtivesen ou non resposta.
- Copia dos informes recibidos e das alegacións, non sendo en principio necesario, achegar copia das alegacións presentadas por particulares que non atendan a cuestións ambientais.

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

ANEXO I.- Resultado das consultas e da exposición pública do documento de inicio

O documento de inicio remitiuse ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver Decreto 54/2013, do 21 de marzo, polo que se modifica o Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible) e ao mesmo tempo inseriuse na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (http://www.cmati.xunta.es) para que o público en xeral fixera comentarios acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables ao Plan que puideran axudar á redacción do presente DR.

Durante esta fase de consultas, recibiuse resposta do Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica, da Subdirección Xeral de Residuos e Solos Contaminados, do Servizo de Planificación da Paisaxe e de dous particulares.

Estes informes son remitidos ao órgano promotor xunto co presente DR, polo que a continuación se achega un resumo deles.

<u>Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica</u>

Informa de que no desenvolvemento do PXOM deberanse contemplar os seguintes aspectos:

- Identificación da rede fluvial: infórmase dos principais ríos do Concello de Carral e das masas de auga definidas segundo os criterios da Directiva Marco da Auga e se realizan indicacións para a súa protección.
- Dispoñibilidade dos recursos hídricos, debendo xustificar a orixe da auga de abastecemento e o volume do incremento de consumo previsto, tendo en conta as dotacións máximas establecidas polo Plan hidrolóxico de Galicia Costa (PHGC).
- Espazos naturais e zonas sensibles: identifícanse os espazos protexidos que poden verse afectados polo Plan (zonas de captación para abastecemento, zonas de protección de hábitat ou especies que se atopen integradas na Rede Natura 2000, e espazos naturais protexidos declarados xurídicamente no ámbito territorial de Galicia Costa baixo outras figuras de protección non recollidas dentro das categorías anteriores), onde se deberá avaliar a incidencia das actuacións propostas sobre os ecosistemas asociados a estas zonas protexidas.
- Mantemento dos obxectivos de calidade e ambientais no medio receptor: indicarase o sistema de saneamento proposto, o tratamento con vertido e o destino das augas residuais, lembrando a prohibición de todo vertido directo ou indirecto fóra da rede de saneamento municipal. Consultaranse para o dimensionamento e deseño da rede de saneamento as Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia.
- Incidencia da actuación no réxime de correntes: destaca que no Documento de Avaliación Preliminar do Risco de Inundación recóllese a ARPSI "Vaguada de Paleo", para o que se seguirán as prescricións do PHGC no caso de que a zona de actuación estea nunha zona con risco de asolagamento. No desenvolvemento que se propoña deberase reducir ao mínimo posible a impermeabilización do solo de cara a minimizar os efectos negativos, mediante técnicas de drenaxe urbana sostible.
- Indícase a normativa aplicable con relación á planificación e á xestión dos recursos hídricos.

<u>Subdirección Xeral de Residuos e Solos Contaminados</u>

Expón que o PXOM deberá xustificar a súa adaptación ás determinacións dos plans aprobados pola Xunta de Galicia en materia de residuos, informa sobre a normativa de aplicación na xestión dos

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

residuos, os tipos de residuos, as competencias das entidades locais e o réxime económico na súa xestión, a recollida dos residuos comerciais e a fase de abandono.

Servizo de Planificación da Paisaxe

Informa de que ante a ausencia de catálogos de paisaxe que afecten ao municipio de Carral e en relación co previsto no artigo 11 da Lei 7/2008 deberá terse en conta a Guía de estudos de impacto e integración paisaxística elaborada pola CMATI. Achega unha serie de cuestións xerais sobre a consideración da paisaxe no PXOM para cuxa integración se deberán identificar os tipos de paisaxe, as condicións de intervisibilidade mediante un estudo de cuncas visuais, os elementos ou áreas de especial valor paisaxístico, as áreas con degradación paisaxística salientable, e de acordo co establecido na determinación 8.6 das DOT, deberase realizar un estudo sobre a paisaxe urbana.

Achéganse unha serie de obxectivos e criterios para integrar a consideración da paisaxe na ordenación urbanística:

- Criterios xerais.
- Criterios para as paisaxes urbanas que deberían guiar a ordenación física que o PXOM estableza de forma pormenorizada, as condicións que estableza para actuacións de nova urbanización por parte de plans de desenvolvemento e tamén deberían terse en conta na redacción das ordenanzas reguladoras das diferentes zonas.
- Criterios para as paisaxes rurais referidos a aspectos como a regulación de usos e construcións nos solos rústicos ou a ordenación dos núcleos rurais.

Por último, indícase que o ISA deberá identificar os efectos que o PXOM pode ter sobre a paisaxe describindo as medidas adoptadas para evitar, reducir ou compensar tales efectos, en relación co cal deberá xustificarse a congruencia das determinacións do PXOM coas características diferenciais de cada tipo de paisaxe identificado, deben identificarse as previsións do PXOM que poidan afectar a áreas de maior exposición visual identificadas, debe xustificarse o adecuado tratamento urbanístico outorgado aos elementos de especial interese paisaxístico identificados no estudo da paisaxe, e deben especificarse como efectos positivos, no caso de estar previstas, as accións de recuperación ou mellora das áreas paisaxísticamente degradadas identificadas no estudo da paisaxe.

Cómpre recordar que neste período de consultas trátase de recompilar comentarios que permitan afondar nos criterios de sustentabilidade para a súa consideración no DR, e que as alegacións ao Plan deben presentarse no período de exposición pública unha vez o PXOM conte con aprobación inicial; no entanto, de seguido faise un resumo dos comentarios de particulares recibidos, incidindo nos aspectos ambientais que tratan.

Particular P.C.L

Expón que o anteproxecto clasifica como solo rústico de protección de augas a dúas cunetas que pasan por diante dunha finca da súa propiedade no núcleo rural de Reboredo, afirmando que non existe ningunha canle natural así como tampouco se producen inundacións por desborde de ditas cunetas. Achega un plano da zona recollido no anteproxecto do PXOM e fotografías que mostran o carácter artificial das canles, solicitando que se retire a clasificación de protección de augas nesta zona, estimando o crecemento do núcleo rural de Reboredo cara esa zona.

Particular J.C.G.

Expón comentarios relacionados coa ausencia de previsión dunha variante á N-550, ausencia de solucións de abastecemento e saneamento nos núcleos rurais que carecen deste servizo, co solo urbanizable previsto nas Travesas, coa protección do trazado do Camiño de Santiago Inglés, coas construcións de interese especial e coa alteración da paisaxe.

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval
COPIA DIXITAL

ANEXO II.- Aspectos clave e criterios de sustentabilidade

- **PAISAXE**

Aspecto clave: Integración paisaxística *(modo no que se considera a paisaxe e a integración das actuacións nesta)*

Obxectivo: **Preservar, protexer e poñer en valor a calidade da paisaxe.** Criterios:

- Establecer unha ordenación do solo que contribúa á protección da diversidade de paisaxes e da súa calidade, limitando as actividades que poidan alterar os seus valores e percepción e promovendo o seu uso público.
- Propoñer medidas que incentiven o mantemento e posta en valor da paisaxe e que favorezan a conservación dos elementos de estruturación e conectividade e a restauración dos espazos degradados.

Obxectivo: **Favorecer a integración paisaxística das actuacións.** Criterios:

- Integrar a compoñente paisaxística en todas as escalas de desenvolvemento do planeamento.
- Establecer medidas para a integración visual e paisaxística dos novos desenvolvementos en canto a usos, materiais, volume, texturas, etc., adecuando as actuacións previstas ás características do medio (topografía, vexetación natural, etc.).

- **PATRIMONIO NATURAL**

Aspecto clave: Conservación do patrimonio natural *(grao no que se pode afectar aos espazos de interese natural)*

Obxectivo: **Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais.** Criterios:

- Contribuír á conservación e posta en valor dos espazos incluídos na Rede galega de espazos naturais, na Rede Natura 2000 e daquelas áreas protexidas por instrumentos internacionais presentes no ámbito de influencia do Plan.
- Promover a protección daquelas áreas ou formacións de interese local ou supramunicipal polos seus valores físicos ou naturais e que complementen a funcionalidade das áreas xa protexidas.
- Contribuír á conservación e mantemento dos hábitats de interese comunitario, así como das especies de flora e fauna incluídas nalgunha categoría de protección.
- Establecer zonas de transición que sirvan de amortecemento ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables e contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito de estudo como fóra del.

Obxectivo: **Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais.** Criterios:

- Fomentar a utilización dos recursos naturais de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediata na que se insiren.
- Promover o uso de especies autóctonas e establecer medidas de redución e eliminación de especies alóctonas ou invasoras.
- Definir actuacións que contribúan á recuperación dos sistemas naturais degradados (tanto terrestres como litorais).
- Axustar a intensidade de usos á capacidade de acollida dos sistemas naturais.

Aspecto clave: Fragmentación do territorio *(como se considera a conectividade ecolóxica e se minimiza a fragmentación do territorio e formación de barreiras)*

Obxectivo: **Favorecer a conectividade ecolóxica.** Criterios:

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

- Prever os mecanismos necesarios para potenciar a conectividade ecolóxica do territorio, especialmente entre os espazos naturais protexidos, considerando como principais corredores os cursos fluviais e a vexetación de ribeira, as sebes en zonas agrícolas, as zonas de monte e outros elementos do territorio que actúen de nexo entre os hábitats naturais e favorezan a distribución das poboacións de flora e fauna.
- Reducir o número de elementos ou infraestruturas que supoñan un efecto barreira sobre os movementos das especies faunísticas.

- **PATRIMONIO CULTURAL**

Aspecto clave: Conservación do patrimonio cultural *(grao en que se poden afectar os espazos de interese patrimonial)*

Obxectivo: **Protexer, conservar e poñer en valor os elementos patrimoniais.** Criterios:

- Preservar os elementos de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico incorporándoos ao catálogo de patrimonio e establecer no planeamento as súas zonas de afección e as medidas para a súa restauración, rehabilitación e conservación.
- Revitalizar as zonas históricas como ámbitos residenciais e de actividade.
- Poñer en valor os elementos identificados e favorecer a súa accesibilidade e aproveitamento por parte da poboación coas limitacións impostas pola necesidade de preservación.

Obxectivo: **Integrar as actuacións cos elementos patrimoniais.** Criterios:

- Garantir a compatibilidade dos desenvolvementos con calquera elemento ou ámbito de interese do patrimonio cultural e, cando corresponda, cos seus plans especiais.
- Integrar os elementos patrimoniais nas actuacións sen alterar as súas características, o carácter paisaxístico da súa contorna nin perturbar a súa contemplación.
- Considerar a posibilidade de achados casuais de obxectos ou restos materiais con valores propios do patrimonio cultural como consecuencia de calquera tipo de remoción de terra, demolición ou obra.

- **OCUPACIÓN DO TERRITORIO**

Aspecto clave: Calidade do solo *(posible afección sobre a calidade do solo dende o punto de vista da súa ocupación e degradación)*

Obxectivo: **Minimizar o consumo do solo e racionalizar o seu uso.** Criterios:

- Analizar as necesidades do Concello e da súa poboación en función das súas características e das da contorna na que se insire.
- Clasificar o solo de acordo a unha estratexia de ocupación densa, compacta e complexa que permita dar resposta ás necesidades da poboación atendendo á capacidade de acollida do territorio.
- Axustar o parque potencial de edificacións a teito de planeamento á dinámica socioeconómica do Concello e establecer densidades e tipoloxías que optimicen o consumo de solo.
- Axustar a superficie de solo industrial ás necesidades reais do Concello, para o que se considerarán as previsións de calquera outro tipo plan ou proxecto industrial no ámbito de influencia.
- Promover a ocupación dos espazos baleiros das tramas urbanas e rurais, dándolle prioridade ás actuacións de rehabilitación e renovación urbana e á ocupación dos espazos antropizados fronte a novas ocupacións do solo.
- Coordinar a planificación e xestión urbanística entre concellos.

Aspecto clave: Vocacionalidade de ámbitos *(modo en que a asignación de usos é coherente coa capacidade produtiva do solo)*

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO COPIA DIXITAL Diego García Doval

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval
COPIA DIXITAL

Obxectivo: **Promover unha clasificación do solo en función da súa propia capacidade produtiva e potencialidade.** Criterios:

- Favorecer o desenvolvemento dun modelo territorial acorde coas súas características, para o que, ademais da capacidade de acollida, se terán en conta a potencialidade do solo para os distintos usos (agrogandeiro, forestal, mineiro, etc).
- Protexer e preservar as zonas de alto valor ecolóxico e fraxilidade, así como os solos agrarios e forestais de maior potencial produtivo.
- Preservar os solos situados nas proximidades dos espazos protexidos, tanto naturais como patrimoniais, ou dos espazos de especial valor, establecendo áreas de transición entre estes e as zonas urbanizadas ou susceptibles de selo.
- Identificar os espazos degradados e promover a súa recuperación e posta en valor, de ser o caso.
- Verificar a non existencia de solos contaminados nos desenvolvementos urbanísticos previstos.

Aspecto clave: Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos *(grao de exposición a riscos, ben sexa resultado da ocupación de espazos que presenten riscos ou pola xestión de actividades que podan influír en dita exposición)*

Obxectivo: **Evitar ou reducir os riscos naturais e tecnolóxicos.** Criterios:

- Identificar as zonas afectadas por calquera tipo de risco natural ou tecnolóxico. Estes terreos serán excluídos do proceso urbanizador ou verán limitados os usos, de xeito que se evite a afección ás afectadas as persoas e aos bens.
- Evitar a xeración de novos riscos ou incremento dos existentes coas novas actuacións que se propoñan.

- **SOCIEDADE**

Aspecto clave: Calidade de vida da poboación *(contribución á mellora da calidade de vida dos cidadáns a través do fomento de estilos de vida adaptados á contorna)* e cohesión social *(contribución á promoción da igualdade de oportunidades e do acceso aos servizos públicos)*

Obxectivo: **Favorecer o equilibrio entre a poboación e os equipamentos e servizos.** Criterios:

- Axustar o desenvolvemento urbanístico á realidade socioeconómica do Concello.
- Axustar a oferta de equipamentos e espazos libres públicos ás necesidades da poboación actual e futura (asistenciais, sociais, educativas, culturais e deportivas) para o que se terá en conta a situación do Concello dentro do modelo territorial das DOT.
- Garantir a dotación dos servizos urbanísticos básicos para dar resposta ás necesidades da poboación.
- Prever espazos e sistemas que faciliten a implantación de Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC).

Obxectivo: **Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade do medio urbano e rural.** Criterios:

- Favorecer unha paisaxe urbana e rural de calidade que integre as novas actuacións na contorna na que se asentan.
- Configurar unha rede de espazos libres continua, diversificada e accesible e favorecer a interacción das persoas coa natureza.
- Establecer solucións que garantan o amortecemento das posibles afeccións das actuacións propostas con respecto as áreas residenciais existentes.
- Establecer actuacións que procuren a preservación da identidade propia dos asentamentos.

Obxectivo: **Favorecer a cohesión social e garantir a non exclusión.** Criterios:

- Garantir unha porcentaxe de vivendas baixo algunha figura de protección que favoreza o acceso á vivenda dos colectivos con máis dificultades.
- Crear unha rede de espazos para a convivencia, ocio, exercicio e intercambio, entre outros, en función das características da poboación.

Aspecto clave: Gobernanza *(eficacia, calidade e boa orientación na coordinación coas distintas administracións)*

Obxectivo: **Garantir a participación cidadá e a colaboración entre administracións.** Criterios:

- Favorecer o dereito de información e establecer mecanismos de participación social nas distintas fases do planeamento.
- Contemplar a adopción de acordos coa Administración e outros organismos para o desenvolvemento socioeconómico do Concello.

- **ECONOMÍA**

Aspecto clave: Equilibrio no desenvolvemento económico *(como se atende ao feito da concentración do desenvolvemento económico nunhas áreas en detrimento doutras)*

Obxectivo: **Favorecer o desenvolvemento económico.** Criterios:

- Prever a creación de novos espazos de actividade acorde á estrutura económica actual e ás oportunidades do Concello en relación á súa área de influencia e ao modelo territorial das DOT.
- Reforzar as actividades económicas que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva coa introdución de novas actividades vinculadas ao aproveitamento dos recursos endóxenos.
- Favorecer a integración da actividade comercial cos usos residenciais tanto nos novos desenvolvementos como nas tramas existentes.
- Promover espazos destinados á investigación, á innovación e a viveiros de empresas como elementos de dinamización e xeración dun tecido produtivo e diversificado.

Aspecto clave: Competitividade económica *(idoneidade da elección e da localización dos usos produtivos na relación ao grado de competitividade económica)*

Obxectivo: **Optimizar a eficiencia das actividades económicas.** Criterios:

- Fomentar a aplicación dos principios da ecoloxía industrial na planificación e deseño dos desenvolvementos industriais e considerar a implantación de procesos de innovación.
- Garantir unha dotación de equipamentos e infraestruturas axeitada ás necesidades industriais previstas.

- **MOBILIDADE**

Aspecto clave: Necesidades de mobilidade *(influencia nas necesidades de transporte tanto de persoas como de mercancías)*

Obxectivo: **Reducir as necesidades de mobilidade.** Criterios:

- Analizar as necesidades de mobilidade obrigada derivadas dos novos desenvolvementos e a súa afección sobre a malla urbana existente.
- Planificar de forma integrada os usos do solo e o transporte co obxectivo de favorecer a accesibilidade e reducir a mobilidade obrigada.

Aspecto clave: Equilibrio no reparto modal *(relación aos esforzos que se fan para a diminución da dependencia do vehículo privado a través da potenciación doutros modos)*

Obxectivo: **Facilitar unha conectividade eficiente.** Criterios:

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

- Establecer unha zonificación que favoreza a accesibilidade aos principais puntos tractores (servizos, equipamentos, áreas de interese ou aquelas zonas derivadas da mobilidade obrigada) dentro ou fóra do Concello, e permita a utilización de medios de transporte sustentable (transporte colectivo, a pé ou en bicicleta).
- Deseñar unha malla de mobilidade eficiente en función das características do tráfico xerado e potenciar a utilización doutros modos de transporte alternativos ao vehículo privado.
- Prever a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte para o que se deseñarán as infraestruturas necesarias para cada un deles e se establecerán as medidas que permitan a súa convivencia.

- **ENERXÍA**

Aspecto clave: Consumo enerxético *(forma na que se atende ás necesidades enerxéticas, aos esforzos para a redución do consumo enerxético e á potenciación das enerxías renovables)*

Obxectivo: **Promover o aforro no consumo enerxético.** Criterios:

- Adecuar a planificación aos recursos dispoñibles e previstos, garantindo a viabilidade do subministro e procurando a conexión das novas redes coas existentes.
- Delimitar as bolsas de solo urbanizable de xeito que na súa ordenación se podan incorporar criterios bioclimáticos (localización, tipoloxía, orientación, etc.) e se permita a máxima captación de enerxía solar e iluminación natural.
- Integrar o concepto de eficiencia enerxética no deseño da malla urbana, a través da creación de estruturas compactas e complexas integradas cos tecidos urbanos existentes.
- Intervir nas características da rede de alumeado público e dos alumeados exteriores privados con fin de minimizar o consumo enerxético.

Obxectivo: **Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables.** Criterios:

- Establecer un nivel mínimo de enerxías renovables e de autosuficiencia enerxética (tanto para as edificacións e espazos públicos como para os privados) que permita combinar a xeración local coas medidas de aforro e eficiencia.

- **ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO**

Aspecto clave: Calidade do aire *(medida en que se favorece a consecución dunhas condicións de calidade do aire que permitan unha contorna saudable)*

Obxectivo: **Contribuír á redución das emisións contaminantes.** Criterios:

- Regular a implantación de actividades que poidan supoñer un incremento nas emisións contaminantes, co obxecto de evitar posibles efectos acumulativos ou sinérxicos.
- Para os novos desenvolvementos, prever medidas específicas que contribúan a reducir as emisións en canto á edificación (materiais de construción, sistemas de calefacción, etc.) e á mobilidade (eficiencia dos desprazamentos).
- Establecer as medidas necesarias de cara á redución da contaminación lumínica.

Obxectivo: **Reducir os efectos negativos da contaminación atmosférica sobre a poboación.** Criterios:

- Considerar a zonificación acústica na ordenación e establecer medidas de cara a minimizar os efectos das emisións acústicas sobre a poboación, especialmente naquelas zonas sensibles (hospitais, centros educativos, etc.).

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO
COPIA DIXITAL
Diego García Doval

- Limitar o desenvolvemento de novas áreas residenciais en zonas afectadas por contaminación fisicoquímica ou electromagnética.

Aspecto clave: Emisións de gases de efecto invernadoiro (*modo en que se xestionan as emisións de GEI, esforzos cara a súa redución)*

Obxectivo: **Favorecer a redución das emisións dos GEI.** Criterios:

- Contribuír ao cumprimento dos obxectivos de redución de GEI establecidos pola Estratexia de Cambio Climático asociados á planificación territorial.
- Establecer unha zonificación que reduza o tempo dos desprazamentos de mobilidade obrigada.

- **CICLO HÍDRICO:**

Aspecto clave: Calidade da auga *(consideración da calidade dos recursos hídricos, tanto no mantemento da calidade como na recuperación das masas degradadas)*

Obxectivo: **Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos.** Criterios:

- Estudar a capacidade e o estado dos recursos hídricos para cubrir as demandas dos servizos de abastecemento e saneamento.
- Procurar o mantemento do bo estado dos recursos hídricos, promover a mellora daquelas masas de auga deterioradas e garantir a funcionalidade dos ecosistemas ligados ao medio acuático.
- Evitar as afeccións sobre as fases do ciclo hídrico derivadas do desenvolvemento do planeamento, como a modificación da rede superficial, a alteración da calidade das augas superficiais e/ou subterráneas, a incidencia no réxime de correntes ou a delimitación de bolsas de solo urbanizable en zonas con risco de asolagamento.
- Manter a permeabilidade natural dos terreos e reducir ao máximo a superficie de solo impermeabilizada nos procesos urbanísticos, de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico, incluíndo técnicas de drenaxe urbana sustentable (TDUS) precisas para garantir cualitativa e cuantitativamente o retorno da auga pluvial ao medio receptor.
- Garantir a non afección daqueles espazos ligados ao medio hídrico, para o que se delimitará a súa zona de protección e regularán as actuacións que se podan desenvolver nas zonas de servidume e de policía.

Obxectivo: **Garantir o tratamento axeitado das augas residuais.** Criterios:

- Valorar as características e a cobertura da rede de saneamento e do sistema de tratamento existente e xustificar a capacidade do servizo para atender á demanda prevista e o cumprimento dos parámetros de vertido ao medio.
- Prever redes de saneamento de tipo separativo para os novos desenvolvementos (residencial, industrial ou terciario) e establecer sistemas de saneamento autónomo para os de tipo industrial.
- Definir solucións específicas adaptadas ás particularidades dos núcleos rurais, como pode ser o emprego de técnicas de baixo custo ou autónomas.

Aspecto clave: Consumo de recursos hídricos *(forma na que se consideran as necesidades de recursos hídricos, o esforzo na redución do consumo e a adaptación do planeamento á dispoñibilidade real de recursos hídricos)*

Obxectivo: **Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento en función das demandas estimadas.** Criterios:

- Valorar a cobertura e estado do sistema de abastecemento existente e xustificar a súa capacidade para dar servizo aos novos desenvolvementos (para o que se terá en conta a variabilidade estacional da

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

demanda e da suficiencia dos recursos hídricos segundo as unidades de bacía), e establecer as medidas necesarias para garantir o servizo ao conxunto da poboación.

Obxectivo: **Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos.** Criterios:

- Fomentar a implantación, nos novos desenvolvementos ou nas actuacións de urbanización que se vaian a desenvolver polo Concello, de sistemas e mecanismos de aforro do recurso hídrico.
- Fomentar o aproveitamento das augas pluviais e a reutilización das augas residuais.

- **CICLO DE MATERIAIS**

Aspecto clave: Xeración de residuos *(modo no que se afronta a xestión de residuos, en especial a redución da xeración)*

Obxectivo: **Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.** Criterios:

- Regular as actividades e procesos construtivos para reducir a xeración de residuos e para fomentar a súa reutilización e reciclaxe.
- Garantir a capacidade de recollida e xestión dos residuos urbanos no ámbito municipal.

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

ANEXO III.- Indicadores dos obxectivos ambientais

Co obxecto de avaliar a sustentabilidade do Plan e facilitar o seu seguimento, xustificarase a proposta cos indicadores de planeamento, de xeito que se poda comparar a realidade antes do Plan coa situación planificada.

Así, ademais do que se vén de sinalar, o ISA deberá incorporar, na proposta de plan de seguimento, uns indicadores de seguimento que permitan valorar a evolución da planificación durante o período de vixencia do Plan, e que deben ir na liña dos indicadores de planeamento que se relacionan a continuación. Como fontes de datos de indicadores para elaborar o plan de seguimento, pódense consultar as seguintes:

- *Indicadores ambientais de Galicia 2007*. Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.[1]
- *Desarrollo sostenible 2008: sistema de indicadores de la Estrategia de Desarrollo Sostenible de la UE*. Instituto Nacional de Estatística.[2]
- *Perfil Ambiental de España 2010: informe basado en indicadores.* Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.[3]
- *Banco público de indicadores ambientales* (BPIA). Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.[4]

PAISAXE

Obxectivo: Preservar, protexer e poñer en valor a calidade da paisaxe

Solo rústico de protección da paisaxe

Descrición:	Indica a superficie do Concello protexida polo planeamento municipal en base ao seu valor paisaxístico
Fonte de datos:	PXOM
Método de cálculo:	(Superficie clasificada como "solo rústico de protección paisaxística"/Superficie total do Concello)*100
Unidade de medida:	% NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Paisaxes protexidas

Descrición:	Indica a porcentaxe do Concello que conta con enclaves protexidos polos seus valores paisaxísticos, segundo a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza de Galicia (Paisaxe protexida), así como aqueles incluídos nos instrumentos de ordenación do territorio (DOT e POL) non clasificados como "solo rústico de protección paisaxística"
Fonte de datos:	Dirección Xeral de Conservación da Natureza (CMATI)
Método de cálculo:	(Superficie que conta con figuras de protección da paisaxe/Superficie total do Concello)*100
Unidade de medida:	% NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval
COPIA DIXITAL

[1] http://www.siam.medioambiente.xunta.es/siam/index_indicadores.jsp
[2] http://www.ine.es
[3] http://www.magrama.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/informacion-ambiental-indicadores-ambientales/indicadores-ambientales-perfil-ambiental-de-espana/
[4] http://www.magrama.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/temas/informacion-ambiental-indicadores-ambientales/banco-publico-de-indicadores-ambientales-bpia-/

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO
Diego García Doval
COPIA DIXITAL

PATRIMONIO NATURAL

Obxectivo: Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais

Espazos protexidos

Descrición: Indica a superficie do Concello incluída na Rede Natura 2000, así como a recollida nalgunha das categorías da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza de Galicia e da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade

Fonte de datos: Dirección Xeral de Conservación da Natureza (CMATI)

Método de cálculo: (Superficie de espazos protexidos/Superficie total do Concello)*100

NOTA: Os datos presentaranse por superficie total protexida no Concello, e tamén de xeito desagregado (por figura de protección). Contabilizarase unicamente a superficie terrestre dos espazos protexidos. As superficies coincidentes con máis de unha figura de protección non serán acumulables

Unidade de medida: %

NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas

Valor antes do Plan:

Valor despois do Plan:

Elementos de interese para a biodiversidade e xeodiversidade

Descrición: Informa sobre a superficie total do Concello que presenta elementos de interese para a conservación da biodiversidade e xeodiversidade

Fonte de datos: Dirección Xeral de Conservación da Natureza (CMATI)

Método de cálculo: (Superficie de espazos de interese para a biodiversidade e xeodiversidade/Superficie total do Concello)*100

NOTA: Incluiranse os hábitat da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestre, os espazos incluídos no Inventario de humidais de Galicia, os puntos de interese xeolóxico (PIX), as áreas de protección da avifauna establecidas no Real Decreto 1432/2008, do 29 de agosto, polo que se establecen as medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión e os sectores do Concello que conten con Plan de conservación de especie aprobado, entre outros

Unidade de medida: %

NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas

Valor antes do Plan:

Valor despois do Plan:

Solo rústico de protección de espazos naturais

Descrición: Aporta información sobre a superficie protexida polo planeamento en relación cos espazos do Concello que presentan un recoñecido valor ambiental

Fonte de datos: PXOM, Normas subsidiarias de planeamento provincial

Método de cálculo: (Superficie clasificada como “solo rústico de protección dos espazos naturais”/(Superficie de espazos protexidos+Superficie de espazos con elementos con valores ambientais))*100

Unidade de medida: %

NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas

Valor antes do Plan:

Valor despois do Plan:

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

Obxectivo: Favorecer a conectividade ecolóxica

Corredores ecolóxicos

Descrición:	Indica cal é a superficie de corredores ecolóxicos considerada como tal no Concello. Os corredores, tomando como base territorial os cursos de auga, defínense como elementos lineais que garanten, non só a conectividade biolóxica, senón os fluxos de auga, materiais e enerxía, colaborando a evitar a fragmentación da paisaxe
Fonte de datos:	PXOM, Instituto de Estudos do Territorio (CMATI)
Método de cálculo:	(Superficie de corredores ecolóxicos delimitados no Plan/Superficie total do Concello)*100 NOTA: para o cálculo teranse en conta todos os corredores definidos, tanto polo propio Plan como polo POL, no caso de concellos costeiros
Unidade de medida:	%
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

PATRIMONIO CULTURAL

Obxectivo: Protexer, conservar e poñer en valor os elementos patrimoniais

Solo rústico de protección patrimonial

Descrición:	Informa sobre a superficie clasificada no planeamento como de especial protección dos bens patrimoniais respecto ao total do Concello
Fonte de datos:	PXOM
Método de cálculo:	(Superficie clasificada como “solo rústico especialmente protexido para zonas con interese patrimonial, artístico ou histórico”/Superficie total do Concello)*100
Unidade de medida:	% NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Elementos catalogados

Descrición:	Indica o número de elementos do patrimonio cultural incluídos no Catálogo do PXOM
Fonte de datos:	Catálogo de bens patrimoniais do PXOM
Método de cálculo:	Nº de elementos clasificados no PXOM segundo categoría: arqueolóxico, arquitectónico, etnográfico ou natural (p.ex. árbores senlleiras)
Unidade de medida:	Numérica
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO
COPIA DIXITAL
Diego García Doval

OCUPACIÓN DO TERRITORIO

Obxectivo: Minimizar o consumo do solo e racionalizar o seu uso

Clasificación do solo

Descrición:	Informa sobre o desenvolvemento do PXOM, en relación á clasificación do solo. O obxecto será coñecer a evolución de cada unha das categorías de solo e a proporción na que están presentes no Concello
Fonte de datos:	PXOM
Método de cálculo:	- (Superficie de solo urbano/Superficie total do Concello)*100 - (Superficie de solo urbano non consolidado/Superficie total do Concello)*100 - (Superficie de solo urbanizable delimitado/Superficie total do Concello)*100 - (Superficie de solo urbanizable non delimitado/Superficie total do Concello)*100 - (Superficie de solo de núcleo rural (histórico-tradicional, común e complexo)/Superficie total do Concello)*100 - (Superficie de solo rústico/Superficie total do Concello)*100
Unidade de medida:	% NOTA: aportaranse os datos da superficie (m^2) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Capacidade residencial

Descrición:	Ofrece información sobre o incremento de vivendas no Concello
Fonte de datos:	PXOM, IGE
Método de cálculo:	- (Nº de vivendas a teito de planeamento en solo urbano e solo urbanizable/Nº de vivendas actuais en solo urbano)*100 - (Nº de vivendas a teito de planeamento en solo de núcleo rural/Nº de vivendas actuais en solo de núcleo rural)*100
Unidade de medida	% NOTA: aportaranse os datos considerados
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Capacidade industrial do solo urbano

Descrición:	Informa da superficie de solo urbano de uso industrial sen ocupar, o que cuantifica a capacidade que ten o solo urbano para acoller a novas instalacións industriais, dato que pode servir para valorar a necesidade de executar novos desenvolvementos industriais fóra do solo urbano
Fonte de datos:	PXOM, Concello
Método de cálculo:	Superficie de solares industriais baleiros no solo urbano
Unidade de medida:	m^2 NOTA: aportarase o número de solares
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO
COPIA DIXITAL
Diego García Doval

Obxectivo: Promover unha clasificación do solo en función da súa propia capacidade produtiva e potencialidade

Solo rústico de protección agropecuaria

Descrición:	Indica a superficie do Concello protexida polo planeamento en base á potencialidade e usos agrícolas dos terreos
Fonte de datos:	PXOM, SIGPAC (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente), SIOSE (Ministerio de Fomento), concentración parcelaria (Consellería de Medio Rural e do Mar), mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia (Francisco Díaz-Fierros), mapa de solos de Galicia (Felipe Macías Vázquez)
Método de cálculo:	(Superficie "solo rústico de protección agropecuaria"/Superficie agrícola (usos e potencialidade do solo))*100
Unidade de medida:	% NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Solo rústico de protección forestal

Descrición:	Indica a superficie do Concello protexida polo planeamento en base á potencialidade e usos forestais dos terreos
Fonte de datos:	PXOM, mapa forestal de España e SIGPAC (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente), SIOSE (Ministerio de Fomento), solo afectado por incendios forestais (Consellería de Medio Rural e do Mar), mapa de capacidade produtiva dos solos de Galicia (Francisco Díaz-Fierros)
Método de cálculo:	(Superficie "solo rústico de protección forestal"/Superficie forestal (usos do solo))*100
Unidade de medida:	% NOTA: aportaranse os datos das superficies (ha) consideradas
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Obxectivo: Evitar ou reducir os riscos naturais e tecnolóxicos

Zonas con risco de asolagamento

Descrición:	Informa sobre os ámbitos de solo urbano, urbanizable (delimitado e non delimitado) e de núcleo rural situados en zonas con risco de asolagamento
Fonte de datos:	Organismo de bacía correspondente
Método de cálculo:	- Superficie urbanizable incluída en áreas delimitadas con risco de asolagamento para períodos de retorno de 100 e 500 anos - Nº de edificacións incluídas en áreas delimitadas con risco de asolagamento para períodos de retorno de 100 e 500 anos NOTA: no caso de non estaren delimitadas as áreas con risco de asolagamento para períodos de retorno de 100 e 500 anos tomarase como referencia un buffer de 50 m ao curso - Lonxitude de ARPSI para cada unha das seguintes categorías de solo: urbano, urbanizable (delimitado e non delimitado) e de núcleo rural - Nº de edificacións situadas a unha distancia ≤ 50 m respecto do curso
Unidade de medida:	- m^2 - Numérica
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO
Diego García Doval
COPIA DIXITAL

Obxectivo: Evitar ou reducir os riscos naturais e tecnolóxicos

Zonas con outros riscos

Descrición:	Identifica as zonas con riscos naturais e tecnolóxicos que condicionan a actividade urbanizadora (incendios forestais, erosión, riscos asociados ao Karst, solos expansivos, movementos sísmicos, riscos xeotécnicos, rutas de mercadorías perigosas, etc.)
Fonte de datos:	Mapa xeolóxico nacional do IGME (Ministerio de Economía y Competitividad), inventario nacional de erosión de solos (Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente), estatística e cartografía de incendios forestais (Consellería do Medio Rural e do Mar) Plan especial de Protección Civil ante emerxencias por accidentes no transporte de mercadorías perigosas por estrada e ferrocarril en Galicia (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior)
Método de cálculo:	(Superficie de solo urbanizable afectada por algún risco/Superficie total de solo urbanizable)*100 NOTA: o dato darase para cada un dos posibles riscos, tendo en conta, entre outros, os que se relacionan na descrición. Ademais darase o dato por superficie (m^2) considerado
Unidade de medida:	%
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

SOCIEDADE

Obxectivo: Favorecer o equilibrio entre a poboación e os equipamentos e servizos

Equipamentos de uso público

Descrición:	Informa sobre a superficie reservada ou ocupada dos equipamentos de uso público no Concello en relación á poboación municipal
Fonte de datos:	PXOM
Método de cálculo:	Superficie total de equipamentos/Nº de habitantes do Concello
Unidade de medida:	m^2/hab.
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Obxectivo: Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade do medio urbano e rural

Dispoñibilidade de zonas verdes públicas

Descrición:	Indica a superficie de zonas verdes dispoñible para a poboación. Unha maior dispoñibilidade deste tipo de espazos tradúcese nunha maior calidade de vida
Fonte de datos:	PXOM
Método de cálculo:	Superficie de zonas verdes/Nº de habitantes do Concello
Unidade de medida:	m^2/hab.
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Obxectivo: Garantir a participación cidadá e a colaboración entre administracións

Difusión e participación pública

Descrición:	Informa sobre os procesos de participación que foron realizados durante a elaboración do planeamento
Fonte de datos:	Concello
Método de cálculo:	Nº de actos e porcentaxe de participación
Unidade de medida:	Numérica
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

MOBILIDADE

Obxectivo: Reducir as necesidades de mobilidade

Distribución modal do espazo público

Descrición:	Informa da superficie de infraestruturas viarias destinadas aos diferentes modos de transporte dentro do ámbito urbano, o que da unha idea da importancia que teñen estes dentro da mobilidade do núcleo
Fonte de datos:	Concello
Método de cálculo:	(Superficie ocupada por cada modo de transporte/Superficie total de infraestruturas viarias)*100 NOTA: como modos de transporte consideraranse o vehículo particular, o transporte colectivo, a bici ou o desprazamento a pé O espazo computado en cada modo será o destinado de forma exclusiva a este, non podendo contabilizarse dúas veces aquel que sexa compartido, caso no se que lle asignará á superficie ao modo predominante. Ademais, dentro da superficie ocupada polo vehículo particular contabilizarase a destinada ao aparcamento en superficie, podendo esta estar sumada ou como dato independente
Unidade de medida:	%
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
COPIA DIXITAL
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval

ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

Obxectivo: Reducir os efectos negativos da contaminación atmosférica sobre a poboación

Zonas de transición

Descrición:	Perímetro de contacto entre áreas acústicas lindeiras cuxos obxectivos de calidade teñen unha diferenza igual ou superior a 5 db(A)
Fonte de datos:	PXOM
Método de cálculo:	Lonxitude do perímetro de contacto NOTA: en relación co anexo V do Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 novembro, do Ruído, no referente á zonificación acústica, obxectivo de calidade e emisións acústicas
Unidade de medida:	m
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

Servidumes acústicas

Descrición:	Permite identificar aquelas áreas nas que o funcionamento ou desenvolvemento de infraestruturas de transporte viario, aéreo e portuario é incompatible con usos do solo, actividades ou edificacións implantadas na zona de afección polo ruído xerado en ditas infraestruturas
Fonte de datos:	Concello
Método de cálculo:	Superficie das servidumes acústicas cuxos valores de inmisión de ruído son incompatibles con usos de solo, actividades ou edificacións implantadas
Unidade de medida:	m^2
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

CICLO HÍDRICO

Obxectivo: Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos

Desenvolvemento urbano en zonas protexidas

Descrición:	Este indicador persegue medir o grado de presión por urbanización nas zonas protexidas contempladas nos instrumentos de planificación hidrolóxica
Fonte de datos:	Organismo de bacía
Método de cálculo:	(Sup. SU(zpa)+Sup. NR(zpa)+Sup. URBLE(zpa))*100/Sup. ZPA onde: SU(zpa): superficie de solo urbano do Concello en zonas de protección incluídas no instrumento de planificación hidrolóxica da demarcación hidrográfica á que pertence o Concello URBLE(zpa): superficie de solo urbanizable do Concello en zonas de protección NR(zpa): superficie de núcleo rural do Concello en zonas de protección Sup ZPA: superficie total de zonas de protección no Concello
Unidade de medida:	%
Valor antes do Plan:	
Valor despois do Plan:	

DILIXENCIA : Para facer constar que o Pleno do Concello de Carral (A Coruña), na súa sesión extraordinaria realizada o 18 de marzo de 2016, aprobou inicialmente o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN (PXOM) no que se integra este documento.
O SECRETARIO DO CONCELLO Diego García Doval
COPIA DIXITAL